

Curso Semestral de Español: lingua, cultura e adaptación á universidade española - 2018-2019

Información da convocatoria

Tipo	CURSO SEMESTRAL DE ESPAÑOL PARA EXTRANJEROS
Código	V18.XT.ES-SE
Nome	Curso Semestral de Español: lingua, cultura e adaptación á universidade española
Curso académico	2018-2019
Nivel	
Modalidade	PRESENCIAL
Horas	550.00

Descrición

O curso está dirixido principalmente a alumnos internacionais maiores de 16 anos que desexan prepararse para acceder a estudos de grao ou posgrao na universidade española.

O curso ofrece unha formación en lingua española en todas as competencias necesarias para potenciar e completar ao máximo un currículo dado o exponencial crecemento dos falantes ,nativos ou non, de lingua española no mundo.

O currículo de español como lingua estranxeira do Centro de Linguas segue as directrices europeas do Marco Europeo Común de Referencia para as linguas. Isto inclúe guías para a aprendizaxe, a docencia e a avaliación desenvolvidos para o español polo Instituto Cervantes (2006). O Centro de Linguas ofrece cursos de nivel inicial (A1), básico (A2), intermedio (B1) e avanzado (B2/C1).

A metodoloxía é comunicativa adaptando a complexidade lingüística ao nivel de cada grupo a través do catro destrezas. A distribución do programa consiste en: clases teóricas e prácticas nas que se traballan contidos lingüísticos a través de tarefas comunicativas; traballos de campo con visitas a lugares emblemáticos nos que terán que realizar tarefas tales como entrevistas, investigación de datos, interacción con nativos, etc. e obradoiros a través dos cales profundarán na idiosincrasia da zona e que serán impartidos por expertos nesas áreas.

A través das clases, as visitas didácticas e os obradoiros, os estudantes entrarán en contacto con materiais auténticos desde o punto de vista lingüístico e cultural. Estarán expostos a input oral e escrito.

A avaliación será periódica e levará a cabo a través de diferentes instrumentos tales como un portfolio, actividades a través dun blogue, wikis e unha plataforma virtual (moodle) así como un exame final de certificación de nivel.

Información sobre o calendario (datas)

Período de matrícula	25/01/2018 - 15/10/2018
Período de docencia	07/01/2019 - 15/07/2019

Prazas e créditos

Número mínimo de participantes	12
Número máximo de participantes	0
Horas ECTS	0
Validación LE	0

Destinatarios

O curso está dirixido principalmente a alumnos internacionais maiores de 16 anos que desexan prepararse para acceder a estudos de grao ou posgrao na universidade española.

Calendario

7 xaneiro ao 19 febreiro: nivel A1, 6 semanas, 145 h

25 febreiro ao 29 abril: nivel A2, 7.5 semanas, 170 h

2 maio ao 15 xullo: nivel B1, 11 semanas, 235 h

Total: 550 h

Para consultar a posibilidade de facer niveis de forma independente, sen cursar o programa completo, contactar con centrodelinguas@uvigo.es. As datas poden sufrir modificacións. Niveis/cursos dispoñibles están suxeitos a un número mínimo de estudantes por grupo.

Programa

O programa de Lingua, Cultura e Adaptación á Universidade española consta dun total de 530 horas:

Ø 380 horas de clases regulares de lingua e cultura española

Ø 150 horas de tutorías, actividades complementarias, visitas académicas, excursións, talleres, etc.

Os obxectivos deste programa son:

- Aprender español: a lingua e a súa cultura
- Familiarizar aos alumnos coa vida universitaria española
- Ensinar ao estudante as peculiaridades da xeografía, cultura e folclore de Galicia.

Forma de pago

Tarifas

Comunidade Universitaria	3996.00 €
Programa de intercambio Erasmus	3996.00 €
Público en xeral	3996.00 €

Este curso require un pagamento inicial dunha cota de preinscrición de 150.00 € que se descontará do importe total da matrícula.

Formas de pago

Emisora X011668 Ingreso efectivo (Banco Santander)
Tarxeta bancaria
Transferencia bancaria

Impartido en

Campus de Vigo - -

Profesorado

Cómo matricularse

Como matricularse: Rexistro en liña antes do 15 de outubro de 2018 en <http://centrodelinguas.fundacionuvigo.es/>. A partir do 25 de outubro de 2018 recibirás un e-mail confirmando a apertura do curso, se houberse un número mínimo de estudantes.

*****SE PRECISAS DUNHA CARTA DE INVITACION PARA O TEU VISADO, DEBES ESTAR PREINSCRITO NO CURSO E PAGAR 150 Euros (GASTOS DE PREINSCRICION). OS 150 Euros DA PREINSCRICION RESTARANSE DO IMPORTE TOTAL, SE REALIZAS O CURSO.**

Devolución

Para a devolución de matrícula séguense os seguintes criterios:

Só procederá a devolución do importe íntegro da matrícula, incluída a cota de preinscrición, cando, por causas non imputables aos usuarios, non se realice a actividade. Neste caso tamén procederá a devolución da cota de preinscrición, sempre e cando non se solicitara carta de invitación.

